

Disposición transitoria primeira. *Entidades que colaboran na xestión do emprego.*

As entidades que no momento da entrada en vigor desta lei colaboren cos servizos públicos de emprego manterán tal condición de acordo coa normativa en virtude da cal se estableceu a colaboración, mentres non se desenvolva regulamentariamente un novo réxime de colaboración cos servizos públicos de emprego. Esta regulación establecerá os requisitos mínimos das entidades para colaborar na xestión, sen prexuízo do desenvolvemento que en cada comunidade autónoma se poida facer dela.

Disposición transitoria segunda. *Xestión de políticas activas polo Servicio Público de Empleo Estatal.*

O Servicio Público de Empleo Estatal xestionará as políticas activas de emprego relativas á intermediación e colocación no mercado de traballo, fomento de emprego no ámbito estatal, formación profesional e continua, mentres a súa xestión non fose obxecto de transferencia ás comunidades autónomas.

Disposición transitoria terceira.

Mentres subsistan as actuais taxas de ocupación e de paro respecto da poboación activa feminina, os poderes públicos deberán organiza-la xestión das políticas activas de tal forma que o colectivo feminino se beneficie da aplicación de tales políticas nunha proporción equivalente ó seu peso no colectivo dos desempregados.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta lei e, expresamente, os artigos vixentes da Lei 51/1980, do 8 de outubro, básica de emprego.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ó abeiro do establecido nos puntos 1.1.^a, 1.7.^a e 1.17.^a do artigo 149 da Constitución. O artigo 13.e) dítase ó abeiro do que establece o artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Recursos do Sistema Nacional de Empleo.*

Co fin de asegura-lo cumprimento dos fins do Sistema Nacional de Empleo, os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán por que os servizos de emprego creados nesta lei estean dotados co persoal que en cada momento resulte necesario para o desempeño das funcións que a lei lles encomenda.

Disposición derradeira cuarta. *Convenios de colaboración entre o Servicio Público de Empleo Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas para o financiamento de gastos compartidos, correspondentes á xestión estatal de prestacións por desemprego que non impliquen a ampliación do custo efectivo traspasado ás comunidades autónomas.*

De conformidade cos principios propugnados nesta lei sobre cooperación e colaboración entre os servizos

públicos de emprego das comunidades autónomas e o Servicio Público de Empleo Estatal, o Servicio Público de Empleo Estatal financiará, con cargo ó seu orzamento, os gastos compartidos que eventualmente se poidan producir na rede de oficinas de emprego de titularidade traspasada ás comunidades autónomas, imputables á prestación de servizos do persoal xestor das prestacións por desemprego.

O financiamento destes gastos, que terá carácter ocasional, non implicará a ampliación do custo efectivo dos medios traspasados ás comunidades autónomas da competencia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Empleo no ámbito do traballo, o emprego e a formación, articulándose a través de convenios de colaboración, nos cales se determinará a achega económica do Servicio Público de Empleo Estatal correspondente ós gastos compartidos, derivados da xestión das prestacións por desemprego no ámbito territorial das comunidades autónomas.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23103 *LEI 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.* («BOE» 301, do 17-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O artigo 149.1.18.^a da Constitución atribúelle ó Estado a competencia exclusiva para establece-las bases do réxime xurídico das administracións públicas. Esta competencia materializouse, polo que á Administración local se refire, coa promulgación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL), sen prexuízo da existencia doutras normas básicas noutros textos normativos, como ocorre con algúns dos preceptos do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

A LRBRL seguiu substancialmente o modelo tradicional de Administración local española, especialmente polo que ós municipios se refire, e isto faise patente en aspectos tan relevantes coma o sistema orgánico-funcional ou as competencias das entidades locais. A dita lei, por outra parte, foi obxecto de numerosas reformas parciais, a máis importante delas, sen dúbida ningunha, a operada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, dentro das medidas para o desenvolvemento do goberno local, impulsadas polo Goberno da Nación no marco do denominado «Pacto local».

Singularmente, hai dous ámbitos en que a LRBRL se viu rapidamente desbordada polas esixencias dunha vida local dinámica e rica, profundamente influída polas importantes transformacións sociais, económicas e culturais que viñeron experimentando os municipios españois durante as últimas décadas: o modelo orgánico-funcional, lastrado por unha percepción corporativista da política local, e o ríxido uniformismo, considerando todos ou a maior parte dos municipios, con independencia da súa demografía e complexidade, como organizacións merecentes dun tratamento xurídico uniforme.

Polo que se refire ó primeiro dos ámbitos indicados, a citada Lei 11/1999 veu modificar de maneira substancial a distribución de atribucións entre os órganos necesarios, de forma que se fortalecían as funcións xestoras e executivas dos presidentes das entidades locais, para unha maior eficacia e axilidade, e, como contrapeso, se melloraban os mecanismos de control en mans do pleno. Esta reforma complementouse coas doutras leis, e singularmente coa da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, que mellorou substancialmente o deseño da moción de censura e introduciu no ámbito local a denominada «moción de confianza».

Con isto superouse unha das grandes deficiencias da LRBRL, e a experiencia positiva da aplicación da reforma do réxime local de 1999 demostra que o camiño máis acertado é afondar na mesma liña, de forma que se consigan simultaneamente dous obxectivos:

- 1.º Atende-la necesidade dun liderado claro e diáfano ante a sociedade, o que esixe executivos con gran capacidade de xestión para actuar rápida e eficazmente.
- 2.º Responder á esixencia dun debate político aberto e creativo sobre as principais políticas da cidade, así como afondar no control da acción dun executivo reforzado, o que implica que o pleno desenvolva as súas potencialidades deliberantes e fiscalizadoras.

En segundo lugar, o réxime local español caracterizouse tradicionalmente, como xa se destacou, por un excesivo uniformismo, herdeiro do modelo continental de Administración local no cal se insire de maneira evidente. Esta tendencia supuxo que, coa excepción do denominado réxime de concello aberto, propio dos municipios de moi escasa poboación, existise e exista esencialmente un réxime común, que, con escasas singularidades que teñen en conta a dimensión demográfica, configura un modelo orgánico-funcional substancialmente similar para tódolos municipios, sendo practicamente igual tanto para os que a penas superan os 5.000 habitantes como para os que teñen varios centos de miles e mesmo millóns.

II

Deste uniformismo resentíronse singularmente as maiores cidades españolas, que viñeron reclamando un réxime xurídico que lles permitise facer fronte á súa enorme complexidade como estruturas político-administrativas. De feito, o goberno urbano non recibiu ata agora un tratamento específico suficiente no noso ordenamento xurídico, como consecuencia dese tradicional tratamento unitario que caracterizou o noso réxime local. Na lexislación de réxime local do sistema político anterior prevíase a posibilidade dun réxime especial de carta, que quedou practicamente inédita, establecéndose, non obstante, mediante leis especiais de 1960 e de 1963 os réximes especiais de Barcelona e Madrid, respectivamente, que non contiñan realmente grandes anovamentos, limitándose, substancialmente, a reforza-la figura do alcalde, a crea-la figura dos delegados de servizo, a consagra-la división territorial en distritos e a operar certos retoques no réxime de facenda.

O establecemento do sistema democrático en España, e a instauración do denominado «Estado das autonomías», levou consigo unha repartición competencial en materia de réxime local en que o Estado reserva para si a lexislación básica na materia, correspondéndolles ás comunidades autónomas a lexislación de desenvolvemento. Neste contexto, a LRBRL, como xa se salientou, veu, por unha parte, mante-lo tradicional criterio uniforme do noso réxime local e, ben que prevé a posibilidade de réximes especiais, non regula directamente ningún, salvo as liñas esenciais do concello aberto, limitándose, por unha parte, en canto ós réximes especiais de Madrid e Barcelona, a declaralos viventes en canto non se opuxesen, contradixesen ou resultasen incompatibles coa nova lei básica estatal, e, por outra, a atribuírlles ás comunidades autónomas a regulación das áreas metropolitanas.

En definitiva, contemplado globalmente e tendo en conta o conxunto de municipios españois de gran poboación, non pode dicirse que o réxime xurídico local responde ata agora nun grao suficiente ás necesidades específicas dos municipios altamente poboados e faise, pois, necesario, no marco das competencias do Estado, que nesta materia se cinguen á regulación do réxime básico local, aborda-las necesarias reformas normativas que dean resposta ás necesidades experimentadas polo municipalismo español, para poderen facer fronte a estas no contexto dunha sociedade dinámica e en constante evolución.

Precisamente por isto, o Goberno, a través do ministro de Administracións Públicas, envioulle á Comisión de Entidades Locais do Senado en outubro de 2001 un detallado informe sobre as grandes cidades, que serviu de base a un amplo debate para coadjuvar á delimitación de tales fenómenos urbanos e das necesidades específicas do seu goberno e administración; as conclusións deste deben ser tidas en conta na reforma do réxime local español. Froito de todo o anterior é o novo modelo orgánico-funcional previsto nesta lei para os municipios con gran poboación.

Por outra parte, tras 18 anos de vivencia, puxéronse de manifesto determinadas carencias e disfuncionalidades na regulación de determinados aspectos na LRBRL, o cal, unido á desexable consolidación das nosas entidades locais, aconsella abordar unha serie de modificacións en ámbitos concretos.

Neste sentido, manifestouse como insuficiente, polo seu carácter meramente declarativo, o tratamento que da participación cidadá se fai na LRBRL. Neste terceiro ámbito, existe unha clara tendencia continental a reforza-las posibilidades de participación e de incidencia dos cidadáns no goberno local, para evitar ou corrixir, no contexto dun mundo globalizado, o afastamento dos cidadáns da vida pública. Nesta materia, hai que destaca-la procedencia de incrementa-la participación e a implicación dos cidadáns na vida pública local, o que non constitúe de ningún modo un elemento contradictorio cos anteriores, senón que, polo contrario, os complementa e enriquece. E aínda que é certo que neste ámbito hai que conceder amplas marxes á potestade de autoorganización das entidades locais, tamén o é que a lexislación básica estatal debe conter uns estándares mínimos concretos que permitan a efectividade desa participación.

Tamén hai que destaca-la ausencia de cobertura legal para a potestade sancionadora das entidades locais en defecto de lexislación sectorial; a insuficiente e superada regulación das formas de xestión dos servizos públicos locais na lexislación básica estatal, ou a desmesurada esixencia dun quórum especial para aproba-las ordenanzas fiscais, tan vinculadas ó orzamento, que se aproba por maioría simple.

III

Sen prexuízo de que o obxectivo último debe ser a elaboración dunha nova Lei de bases da Administración local que constitúa un instrumento adecuado para que os nosos gobernos locais afronten os complexos retos que lles presentan os albores do século XXI, que necesitará un tempo razoable pero non dilatado de reflexión e discusión, os nosos gobernos locais requiren, de forma inadiable, a adopción dunha serie de reformas tendentes á súa racionalización e modernización, que responde a necesidades ineludibles.

Con esta finalidade, elaborouse esta Lei de medidas para a modernización do goberno local, os aspectos máis relevantes da cal se expoñen a continuación.

No seu artigo primeiro, introdúcense unha serie de reformas no articulado de LRBRL, que afectan tódalas entidades locais ou clases determinadas delas, ben se trate de municipios, de mancomunidades ou de provincias, segundo os casos. Así mesmo, adiciónanse determinados preceptos e engádense dous novos títulos á LRBRL.

Dentro deste primeiro bloque de medidas, refórzase o papel das mancomunidades de municipios no noso sistema local, de forma que, por unha parte, se mellora a regulación das súas potestades, aclarando que a súa determinación, no marco da lexislación aplicable a cada unha delas, lles corresponde ós municipios mancomunados, e, por outra parte, establecendo a posibilidade de que se poidan crear entre municipios de distintas comunidades autónomas, nos termos das súas lexislacións respectivas.

En materia de organización, cómpre destacar que a comisión de goberno pasa a denominarse «xunta de goberno local», expresión que tende a destaca-la natureza executiva do dito órgano.

No ámbito das competencias locais débese sinalar que a atribución ás provincias de funcións en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e de planificación estratéxica no territorio provincial, sen prexuízo das competencias das demais administracións públicas neste ámbito, é de particular relevancia, pois enlaza directamente cun conxunto de actividades de crecente importancia nos gobernos locais contemporáneos, no cal as deputacións provinciais xa se viñeron implicando de forma crecente durante os últimos anos. Esta competencia provincial resulta especialmente necesaria nas zonas rurais, onde a posta en práctica das políticas de desenvolvemento local está producindo excelentes resultados.

En materia de réxime xurídico, a novidade máis relevante é a supresión do quórum do voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente compoñan o pleno da entidade para a aprobación das ordenanzas fiscais, claramente excesivo, pasándose a esixilo mesmo que o requirido para a aprobación dos orzamentos.

En materia de participación cidadá, establécense uns estándares mínimos que constitúen os mecanismos necesarios para a súa potenciación: o establecemento da necesidade de regulamentos orgánicos en tódolos municipios en materia de participación cidadá, que determinen e regulen os procedementos e mecanismos adecuados para facela efectiva; a aplicación necesaria das novas tecnoloxías da información e a comunicación de forma interactiva, para facilita-la participación e a comunicación cos veciños, así como para facilita-la realización de trámites administrativos e a introducción na lexislación básica sobre réxime local das iniciativas cidadás, que poden constituir un importante instrumento participativo, que pode dar lugar, mesmo, a consultas populares.

En definitiva, os diversos mecanismos participativos creados e impulsados pola lei, tanto con carácter xeral

coma os que máis adiante se sinalarán para os municipios a que resulta de aplicación o título X da lei, colocan o noso réxime local na liña avanzada de promoción da participación que está adquirindo corpo en todo o continente, impulsada polo Consello de Europa, e da que é unha importante manifestación a Recomendación do seu Comité de Ministros Rec (2001) 19, que serviu de fonte de inspiración para esta reforma.

En materia de xestión dos servizos públicos locais, establécense unha nova clasificación das diversas formas de xestión, incorporando ó ámbito local unha figura que a experiencia demostrou eficaz noutras administracións públicas, como son as entidades públicas empresariais. Por outra parte, incorpórase á lei a regulación substancial necesaria dos organismos autónomos e das sociedades mercantís con capital social público, ata agora soamente reguladas parcialmente en normas regulamentarias.

Así mesmo, incorpóranse á nosa lexislación básica de réxime local os consorcios transfronteirizos, como mecanismo asociativo que se pode utilizar nunha actividade de crecente importancia como é a cooperación transfronteiriza das nosas entidades locais.

A lei potencia os mecanismos de cooperación interadministrativos, actualizando a regulación da Comisión Nacional de Administración Local, para flexibiliza-lo seu funcionamento.

Tamén se impulsa a creación dos órganos de cooperación entre a Administración xeral do Estado e a Administración das comunidades autónomas previstos no artigo 5 da Lei 30/1992, en materia de réxime local, a existencia da cal resulta necesaria como foro de cooperación entre as administracións públicas implicadas en tódolos asuntos relevantes en materia de réxime local.

IV

A lei introduce dous novos títulos na LRBRL, referentes, respectivamente, ó réxime de organización dos municipios de gran poboación e á tipificación das infraccións e sancións en determinadas materias.

No novo título X da LRBRL establécense un réxime orgánico específico para os municipios con poboación superior ós 250.000 habitantes, as capitais de provincia de poboación superior a 175.000 habitantes, os municipios capitais de provincia, capitais autonómicas ou sede de institucións autonómicas e os municipios cunha poboación que supere os 75.000 habitantes, que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais, ben que nos dous últimos casos se esixe que así o decidan as asembleas lexislativas correspondentes. As normas contidas nos capítulos II e III do título X serán tamén de aplicación ós cabidos insulares canarios de illas cunha poboación superior a 175.000 habitantes, e ós restantes cabidos insulares de illas cunha poboación superior a 75.000 habitantes, sempre que así o decida mediante lei o Parlamento canario por iniciativa dos plenos dos respectivos cabidos.

O capítulo II deste título aborda a organización e o funcionamento dos municipios destinatarios do dito réxime, regulando os seus órganos necesarios —o pleno, as comisións do pleno, o alcalde, os tenentes de alcalde e a xunta de goberno local—, así como a división territorial en distritos, os órganos superiores e directivos, a asesoría xurídica, os mecanismos de participación cidadá, o consello social da cidade e a comisión especial de suxestións e reclamacións.

Polo que se refire ó pleno, as innovacións máis relevantes son, sen dúbida ningunha, a posibilidade de que o alcalde delegue a presidencia en calquera concelleiro, a supresión das súas funcións executivas ou administrativas, que se concentran nos órganos de tal natureza, e a posibilidade de delegar funcións resolutorias nas comisións.

Con este conxunto de medidas véñse configura-lo pleno como un verdadeiro órgano de debate das grandes políticas locais que afectan o municipio e de adopción das decisións estratéxicas.

Polo que se refire ó alcalde, constitúe o principal órgano de dirección da política, o goberno e a Administración municipal, presentando, a carón das funcións simbólicas, tales como a máxima representación do municipio, aquelas atribucións executivas necesarias para o desenvolvemento de tal función.

O alcalde así configurado presenta menos atribucións xestoras ou executivas que o alcalde de réxime común, porque no caso dos municipios contemplados no título X da LRBRL véñse perfilar unha xunta de goberno local «forte», que substitúe a comisión de goberno, dotada de amplas funcións de natureza executiva, e que se constitúe como un órgano colexiado esencial de colaboración na dirección política do concello.

Esta xunta de goberno local, os membros da cal son designados e destituídos libremente polo alcalde, presenta como novidade que ata un tercio, como máximo, dos seus membros, excluído o alcalde, poden ser persoas que non presenten a condición de concelleiros. Véñse así reforza-lo perfil executivo deste órgano.

Por outra parte, esta configuración resulta totalmente integrable no modelo legal europeo de goberno local, deseñado nos seus aspectos esenciais na Carta Europea da Autonomía Local, que no seu artigo 3.2 prevé que os órganos electivos colexiados locais «poden dispor de órganos executivos responsables ante eles mesmos».

En canto ós distritos, que constitúen un instrumento esencial para o desenvolvemento de políticas de proximidade e participación nos municipios altamente poboados, tanto desde a perspectiva da desconcentración de funcións como desde a da participación cidadá, establécese o seu carácter necesario, debendo, ademais, cada concello establecer-la porcentaxe mínima dos seus recursos que se deberá xestionar por distritos.

A lei regula tamén a asesoría xurídica, requirindo para o seu titular a condición de funcionario con habilitación de carácter nacional ou de funcionario de carreira de calquera Administración pública e a titulación de licenciado en dereito.

Este capítulo contén tamén unha clasificación dos órganos superiores municipais, que son o alcalde e os membros da xunta de goberno local, e os de carácter directivo.

Tamén cómpre destaca-lo establecemento do denominado consello social da cidade, como mecanismo participativo de carácter consultivo das principais organizacións económicas e sociais do municipio, centrado esencialmente no campo do desenvolvemento local e da planificación estratéxica urbana, ámbitos estes que están adquirindo unha importancia esencial nas políticas locais.

Por último, outra novidade relevante no ámbito organizativo é o establecemento dun órgano para a participación dos veciños e a defensa dos seus dereitos. A lei puxo o acento neste ámbito ó preve-la necesidade de que esta defensa se garanta mediante a creación dunha comisión de suxestións e reclamacións, que estará formada por membros do pleno, con participación de tódolos grupos políticos.

O capítulo III deste título X regula a organización da xestión económico-financeira, establecendo os principios da citada xestión nos municipios a que se refire esta lei, prevendo a creación dun ou varios órganos para o exercicio das funcións de elaboración de orzamentos, contabilidade, tesourería e recadación, e atribuíndo en todo caso a función pública do control e a fiscalización interna da xestión económica e orzamentaria á intervención xeral municipal. Esta separación e redistribución

de funcións trata de ofrecer unha resposta á complexidade que estas presentan nestes municipios, o que fai aconsellable a adopción deste novo modelo.

Tanto o titular da intervención xeral coma o do órgano ou órganos que desenvolvan as funcións de contabilidade, tesourería e recadación deben ser funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, respectando o consolidado criterio tradicional de funcións reservadas por razóns de interese supralocal ós funcionarios desta escala.

Tamén se prevé a existencia dun órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos tributarios de competencia local, a composición e funcionamento dos cales pretenden garantir-la competencia técnica, a celeridade e a independencia tan patentemente requiridas polos cidadáns neste ámbito. Este órgano pode constituír un importante instrumento para abaratar e axiliza-la defensa dos dereitos dos cidadáns nun ámbito tan sensible e relevante como o tributario, así como para reduci-la conflictividade en vía contencioso-administrativa, co conseguinte alivio da carga de traballo a que se ven sometidos os órganos desta xurisdicción.

Outra novidade substancial para estes municipios, prevista nunha das disposicións adicionais que se engaden á LRBRL, é a creación no Ministerio de Administracións Públicas dun observatorio urbano para o seguimento da evolución da calidade de vida urbana, introducindo, por primeira vez, instrumentos de análise comparada de resultados no noso réxime local.

Finalmente, o novo título XI da LRBRL vén tratar outro aspecto ineludible do réxime xurídico das entidades locais, ó regula-la tipificación das infraccións e sancións polas entidades locais en determinadas materias. En efecto, non podía demorarse por máis tempo a necesidade de enche-la lagoa legal que existe en materia de potestade sancionadora municipal naquelas esferas en que non encontren apoio na lexislación sectorial, establecendo criterios de tipificación das infraccións e as correspondentes escalas de sancións para que as funcións desta natureza se desenvolvan adecuadamente, de acordo coas esixencias do principio de legalidade adaptadas ás singularidades locais, e sempre en defensa da convivencia cidadá nos asuntos de interese local e dos servizos e o patrimonio municipal, conforme a doutrina establecida pola sentenza do Tribunal Constitucional 132/2001, do 8 de xuño. Esta regulación complétase coa necesaria modificación dos artigos 127.1 e 129.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A lei ten carácter básico en virtude das competencias atribuídas ó Estado polo artigo 149.1.18.^a da Constitución.

Artigo primeiro. *Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

Mediante esta lei modifícanse determinados preceptos da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modifícase a denominación do título IX da dita lei, introdúcense novos preceptos e adiciónanse douz novos títulos nela, nos termos que a continuación se sinalan:

1. Modifícanse os artigos 4, 12, 13, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 32, 33.3, 34.1.c), k) e m), 34.2, 35, 36, 41, 44, 47, 52.2.a), 70, 73.3, 85, 87, 108 e 117, o número 7 da disposición adicional segunda e a disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que quedan redactados da seguinte forma:

«Artigo 4.

1. Na súa calidade de administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, correspóndenlles en todo caso ós municipios, ás provincias e ás illas:

- a) As potestades regulamentaria e de autoorganización.
- b) As potestades tributaria e financeira.
- c) A potestade de programación ou planificación.
- d) As potestades expropiatoria e de investigación, deslindamento e recuperación de oficio dos seus bens.
- e) A presunción de lexitimidade e a executividade dos seus actos.
- f) As potestades de execución forzosa e sancionadora.
- g) A potestade de revisión de oficio dos seus actos e acordos.
- h) As prelacións e preferencias e demais prerrogativas recoñecidas á facenda pública para os créditos desta, sen prexuízo das que correspondan ás facendas do Estado e das comunidades autónomas; así como a inembargabilidade dos seus bens e dereitos nos termos previstos nas leis.

2. O disposto no número precedente poderá ser de aplicación ás entidades territoriais de ámbito inferior ó municipal e, así mesmo, ás comarcas, áreas metropolitanas e demais entidades locais, debendo as leis das comunidades autónomas concretar cales daquelas potestades serán de aplicación, excepto no suposto das mancomunidades, que se rexen polo disposto no punto seguinte.

3. Correspóndenlles ás mancomunidades de municipios, para a prestación dos servizos ou a execución das obras da súa competencia, as potestades sinaladas no punto 1 deste artigo que determinen os seus estatutos. En defecto de previsión estatutaria, corresponderanlles tódalas potestades enumeradas no dito punto, sempre que sexan precisas para o cumprimento da súa finalidade, e de acordo coa lexislación aplicable a cada unha das ditas potestades, en ámbolos casos.»

«Artigo 12.

1. O termo municipal é o territorio en que o concello exerce as súas competencias.

2. Cada municipio pertencerá a unha soa provincia.»

«Artigo 13.

1. A creación ou supresión de municipios, así como a alteración de termos municipais, será regulada pola lexislación das comunidades autónomas sobre réxime local, sen que a alteración de termos municipais poida supor, en ningún caso, modificación dos límites provinciais. Requirirán, en todo caso, audiencia dos municipios interesados e dictame do Consello de Estado ou do órgano consultivo superior dos consellos de Goberno das comunidades autónomas, de existir. Simultaneamente á petición deste dictame daráselle coñecemento á Administración xeral do Estado.

2. A creación de novos municipios só se poderá realizar sobre a base de núcleos de poboación territorialmente diferenciados e sempre que os municipios resultantes contén con recursos suficientes para o cumprimento das competencias municipais e non supoña diminución na calidade dos servizos que viñan sendo prestados.

3. Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, o Estado, atendendo a criterios xeográficos, sociais, económicos e culturais, poderá establecer medidas que tendan a fomentar a fusión de municipios co fin de mellorar a capacidade de xestión dos asuntos públicos locais.»

«Artigo 18.

1. Son dereitos e deberes dos veciños:

a) Ser elector e elixible de acordo co disposto na lexislación electoral.

b) Participar na xestión municipal de acordo co disposto nas leis e, se é o caso, cando a colaboración con carácter voluntario dos veciños sexa solicitada polos órganos de goberno e Administración municipal.

c) Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, e acceder ós aproveitamentos comunais, conforme as normas aplicables.

d) Contribuír mediante as prestacións económicas e persoais legalmente previstas á realización das competencias municipais.

e) Ser informado, coa previa petición razoada, e dirixirlle solicitudes á Administración municipal en relación a tódolos expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución.

f) Pedir a consulta popular nos termos previstos na lei.

g) Esixir a prestación e, se é o caso, o establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.

h) Exerce-la iniciativa popular nos termos previstos no artigo 70 bis.

i) Aqueloutros dereitos e deberes establecidos nas leis.

2. A inscrición dos estranxeiros no padrón municipal non constituír proba da súa residencia legal en España nin lles atribuirá ningún dereito que non lles confira a lexislación vixente, especialmente en materia de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.»

«Artigo 19.

1. O goberno e a administración municipal, salvo naqueles municipios que legalmente funcionen en réxime de concello aberto, correspóndelle ó concello, integrado polo alcalde e os concelleiros.

2. Os concelleiros son elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto, e o alcalde é elixido polos concelleiros ou polos veciños, todo isto nos termos que estableza a lexislación electoral xeral.

3. O réxime de organización dos municipios sinalados no título X desta lei axustarase ó nel disposto. No non previsto polo dito título, será de aplicación o réxime común regulado nos artigos seguintes.»

«Artigo 20.

1. A organización municipal responde ás seguintes regras:

a) O alcalde, os tenentes de alcalde e o pleno existen en tódolos concellos.

b) A xunta de goberno local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o pleno do seu concello.

c) Nos municipios de máis de 5.000 habitantes, e nos de menos en que así o dispoña o seu regulamento orgánico ou o acordo do pleno, existirán, se a súa lexislación autonómica non prevé neste ámbito outra forma organizativa, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deben ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión do alcalde, a xunta de goberno local e os concelleiros que presenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ó pleno. Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participaren nos ditos órganos, mediante a presenza de concelleiros pertencentes a eles en proporción ó número de concelleiros que teñan no pleno.

d) A comisión especial de suxestións e reclamacións existe nos municipios sinalados no título X, e naqueles outros en que o pleno así o acorde, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros, ou así o dispoña o seu regulamento orgánico.

e) A comisión especial de contas existe en tódolos municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116.

2. As leis das comunidades autónomas sobre o réxime local poderán establecer unha organización municipal complementaria á prevista no número anterior.

3. Os propios municipios, nos regulamentos orgánicos, poderán establecer e regular outros órganos complementarios, de conformidade co previsto neste artigo e nas leis das comunidades autónomas a que se refire o número anterior.»

«Artigo 21.

1. O alcalde é o presidente da corporación e ten as seguintes atribucións:

a) Dirixilo goberno e a Administración municipal.

b) Representalo concello.

c) Convocar e presidi-las sesións do pleno, agás os supostos previstos nesta lei e na lexislación electoral xeral, da xunta de goberno local, e de calquera outros órganos municipais cando así se estableza en disposición legal ou regulamentaria, e decidi-los empates con voto de calidade.

d) Dirixir, inspeccionar e impulsa-los servicios e obras municipais.

e) Dictar bandos.

f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispor gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das previstas no artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, sempre que aquelas estean previstas no orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por cento dos seus recursos ordinarios, agás de tesourería que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior, ordenar pagamentos e render contas, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

g) Aproba-la oferta de emprego público de acordo co orzamento e o cadro de persoal aprobados polo pleno, aproba-las bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuí-las retribu-

cións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

h) Desempeña-la xefatura superior de todo o persoal, e acorda-lo seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios da corporación e o despedimento do persoal laboral, dándolle conta ó pleno, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que celebre. Esta atribución entenderase sen prexuízo do disposto nos artigos 99.1 e 3 desta lei.

i) Exerce-la xefatura da policía municipal.

j) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ó pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

k) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello nas materias da súa competencia, incluso cando as delegase noutra órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do pleno, neste suposto dándolle conta na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.

l) A iniciativa para lle propor ó pleno a declaración de lesividade en materias da competencia da alcaldía.

m) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco deles, as medidas necesarias e adecuadas dándolle conta inmediata ó pleno.

n) Sanciona-las faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, agás nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

ñ) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

o) A aprobación dos proxectos de obras e de servicios cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

p) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio que non supere a porcentaxe nin a contía indicados nos seguintes supostos:

1.º A de bens inmobles, sempre que estea prevista no orzamento.

2.º A de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico ou artístico o alleamento dos cales non se encuentre previsto no orzamento.

q) O outorgamento das licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó pleno ou á xunta de goberno local.

r) Ordena-la publicación, execución e facer cumprí-los acordos do concello.

s) As demais que expresamente lle atribúan a leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas asignen ó municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

2. Correspóndelle, así mesmo, ó alcalde o nomeamento dos tenentes de alcalde.

3. O alcalde pode delega-lo exercicio das súas atribucións, salvo as de convocar e presidi-las sesións do pleno e da xunta de goberno local, decidi-los empates co voto de calidade, a concertación de operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo dos funcionarios e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nas alíneas a), e), j), k), l) e m) do punto 1 deste artigo. Non obstante, poderá delegar na xunta de goberno local o exercicio das atribucións recollidas na alínea j).»

«Artigo 22.

1. O pleno, integrado por tódolos concelleiros, é presidido polo alcalde.

2. Correspóndelle, en todo caso, ó pleno as seguintes atribucións:

a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.

b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do termo municipal; creación ou supresión de municipios e das entidades a que se refire o artigo 45; creación de órganos desconcentrados; alteración da capitalidade do municipio e o cambio de nome deste ou daquelas entidades e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.

c) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

d) A aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.

e) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación dos orzamentos, e a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación das contas, todo isto de acordo co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

f) A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.

g) A aceptación da delegación de competencias feita por outras administracións públicas.

h) A presentación de conflitos de competencias a outras entidades locais e demais administracións públicas.

i) A aprobación do cadro de persoal de persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.

j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

k) A declaración de lesividade dos actos do concello.

l) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.

m) A concertación das operacións de crédito que teñan unha contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, superior ó 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento —salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior—, todo isto de conformidade co disposto na Lei reguladora das facendas locais.

n) As contratacións e concesións de toda clase cando o seu importe supere o 10 por cento dos

recursos ordinarios do orzamento e, en calquera caso, os seis millóns de euros, así como os contratos e concesións plurianuais cando a súa duración sexa superior a catro anos e os plurianuais de menor duración cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio e, en todo caso, cando sexa superior á contía sinalada nesta letra.

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

o) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e, en todo caso, cando sexa superior a tres millóns de euros, así como os alleamentos patrimoniais nos seguintes supostos:

1.º Cando se trate de bens inmobles ou de bens mobles que estean declarados de valor histórico ou artístico e non estean previstos no orzamento.

2.º Cando, estando previstos no orzamento, superen as mesmas porcentaxes e contías indicadas para as adquisicións de bens.

p) Aqueloutras que lle deban corresponder ó pleno por esixi-la súa aprobación unha maioría especial.

q) As demais que expresamente lle confiran as leis.

3. Correspóndelle, igualmente, ó pleno a votación sobre a moción de censura ó alcalde e sobre a cuestión de confianza presentada por este, que serán públicas e se realizarán mediante chamamento nominal en todo caso, e se rexen polo disposto na lexislación electoral xeral.

4. O pleno pode delega-lo exercicio das súas atribucións no alcalde e na xunta de goberno local, salvo as enunciadas no punto 2, parágrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no punto 3 deste artigo.»

«Artigo 23.

1. A xunta de goberno local íntegraa o alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal destes, nomeados e separados libremente por aquel, dando conta ó pleno.

2. Correspóndelle á xunta de goberno local:

a) A asistencia ó alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que o alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou lle atribúan as leis.

3. Os tenentes de alcalde substitúen, pola orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o alcalde, sendo libremente designados e removidos por este de entre os membros da xunta de goberno local e, onde esta non exista, de entre os concelleiros.

4. O alcalde pode delega-lo exercicio de determinadas atribucións nos membros da xunta de goberno local e, onde esta non exista, nos tenentes de alcalde, sen prexuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poida realizar en favor de calquera concelleiro, aínda que non pertencese a aquela.»

«Artigo 24.

1. Para facilita-la participación cidadá na xestión dos asuntos locais e mellorar esta, os muni-

cipios poderán establecer órganos territoriais de xestión desconcentrada, coa organización, funcións e competencias que cada concello lles confira, atendendo ás características do asentamento da poboación no termo municipal, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio.

2. Nos municipios sinalados no artigo 121 será de aplicación o réxime de xestión desconcentrada establecido no artigo 128.»

«Artigo 32.

A organización provincial responde ás seguintes regras:

1. O presidente, os vicepresidentes, a xunta de goberno e o pleno existen en tódalas deputacións.

2. Así mesmo, existirán en tódalas deputacións órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deben ser sometidos á decisión do pleno, así como o seguimento da xestión do presidente, a xunta de goberno e os deputados que teñan atribuídas delegacións, sempre que a respectiva lexislación autonómica non prevea unha forma organizativa distinta neste ámbito e sen prexuízo das competencias de control que lle corresponden ó pleno.

Tódolos grupos políticos integrantes da corporación terán dereito a participar nos ditos órganos, mediante a presenza de deputados pertencentes a estes, en proporción ó número de deputados que teñan no pleno.

3. O resto dos órganos complementarios dos anteriores é establecido e regulado polas propias deputacións. Non obstante, as leis das comunidades autónomas sobre réxime local poderán establecer unha organización provincial complementaria da prevista neste texto legal.»

«Artigo 33.

3. Correspóndelle, igualmente, ó pleno a votación sobre a moción de censura ó presidente e sobre a cuestión de confianza presentada por este, que será pública e se realizará mediante chamamento nominal en todo caso, e réxese polo disposto na lexislación electoral xeral.»

«Artigo 34.1.

c) Convocar e presidi-las sesións do pleno, salvo os supostos previstos nesta lei e na lexislación electoral xeral, da xunta de goberno e de calquera outro órgano da deputación, e decidi-los empates co voto de calidade.

k) As contratacións e concesións de toda clase, cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, incluídas as de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios de orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

m) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros, así como o alleamento de patrimonio que non supere a porcentaxe e a contía indicadas nos seguintes supostos:

O de bens inmobles, sempre que estea previsto no orzamento.

O de bens mobles, salvo os declarados de valor histórico o artístico o alleamento dos cales non se encontre previsto no orzamento.»

«Artigo 34.2.

2. O presidente pode delega-lo exercicio das súas atribucións, salvo a de convocar e presidi-las sesións do pleno e da xunta de goberno, decidi-los empates co voto de calidade, concertar operacións de crédito, a xefatura superior de todo o persoal, a separación do servizo de funcionarios e o despedimento do persoal laboral, e as enunciadas nas alíneas a), i) e j) do número anterior.»

«Artigo 35.

1. A xunta de goberno íntegra o presidente e un número de deputados non superior ó tercio do número legal destes, nomeados e separados libremente por aquel, dándolle conta ó pleno.

2. Correspóndelle á xunta de goberno:

a) A asistencia ó presidente no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que o presidente lle delegue ou lle atribúan as leis.

3. O presidente pode delega-lo exercicio de determinadas atribucións nos membros da xunta de goberno, sen prexuízo das delegacións especiais que para cometidos específicos poida realizar a favor de calquera deputados, aínda que non pertencese á xunta de goberno.

4. Os vicepresidentes substitúen, pola orde do seu nomeamento e nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o presidente, sendo libremente designados por este entre os membros da xunta de goberno.»

«Artigo 36.

1. Son competencias propias da deputación as que lles atribúan, neste concepto, as leis do Estado e das comunidades autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso:

a) A coordinación dos servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada a que se refire a alínea a) do número 2 do artigo 31.

b) A asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica ós municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

c) A prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal e, se é o caso, supracomarcal.

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

e) En xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

2. Para os efectos do disposto nas alíneas a) e b) do número anterior, a deputación:

a) Aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, na elaboración do cal deben participa-los municipios da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso deben ser obxectivos e equitativos, poderase financiar con medios propios da deputación, as achegas municipais e as subven-

cións que acorden a comunidade autónoma e o Estado con cargo ós seus respectivos orzamentos. Sen prexuízo das competencias recoñecidas nos estatutos de autonomía e das anteriormente asumidas e ratificadas por estes, a comunidade autónoma asegura, no seu territorio, a coordinación dos diversos plans provinciais, de acordo co previsto no artigo 59 desta lei.

O Estado e a comunidade autónoma, se é o caso, poden suxeitalas súas subvencións a determinados criterios e condicións na súa utilización ou emprego.

b) Asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e a maior eficacia e economía na prestación destes mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, as deputacións poderán outorgar subvencións e axudas con cargo ós seus fondos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.»

«Artigo 41.

1. Os cabidos insulares canarios, como órganos de goberno, administración e representación de cada illa, réxense polas normas contidas na disposición adicional décimo cuarta desta lei e supletoriamente polas normas que regulan a organización e funcionamento das deputacións provinciais, asumindo as competencias destas, sen prexuízo do disposto no Estatuto de autonomía de Canarias.

2. No arquipélago canario subsisten as mancomunidades provinciais interinsulares exclusivamente como órganos de representación e expresión dos intereses provinciais. Integran os ditos órganos os presidentes dos cabidos insulares das provincias correspondentes, presidíndoos o do cabido da illa en que se atope a capital da provincia.

3. Os consellos insulares das Illas Baleares, ós cales son de aplicación as normas desta lei que regulan a organización e funcionamento das deputacións provinciais, asumen as súas competencias de acordo co disposto nesta lei e as que lles correspondan, de conformidade co Estatuto de autonomía de Baleares.»

«Artigo 44.

1. Recoñéceselles ós municipios o dereito a asociárense con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia.

2. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídicas para o cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios. Os estatutos deben regula-lo ámbito territorial da entidade, o seu obxecto e competencia, órganos de goberno e recursos, prazo de duración e cantos outros extremos sexan necesarios para o seu funcionamento.

En todo caso, os órganos de goberno serán representativos dos concellos mancomunados.

3. O procedemento de aprobación dos estatutos das mancomunidades será determinado pola lexislación das comunidades autónomas e axustarase, en todo caso, ás seguintes regras:

a) A elaboración corresponderalles ós concelleiros da totalidade dos municipios promotores da mancomunidade, constituídos en asemblea.

b) A deputación ou deputacións provinciais interesadas emitirán informe sobre o proxecto de estatutos.

c) Os plenos de tódolos concellos aproban os estatutos.

4. Seguirase un procedemento similar para a modificación ou supresión de mancomunidades.

5. Poderanse integrar na mesma mancomunidade municipios pertencentes a distintas comunidades autónomas, sempre que o permitan as normativas das comunidades autónomas afectadas.»

«Artigo 47.

1. Os acordos das corporacións locais adóptanse, como regra xeral, por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son máis que os negativos.

2. Requírese o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros das corporacións para a adopción de acordos nas seguintes materias:

a) Creación e supresión de municipios e alteración de termos municipais.

b) Creación, modificación e supresión das entidades a que se refire o artigo 45 desta lei.

c) Aprobación da delimitación do termo municipal.

d) Alteración do nome e da capitalidade do municipio.

e) Adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.

f) Aprobación e modificación do regulamento orgánico propio da corporación.

g) Creación, modificación ou disolución de mancomunidades ou outras organizacións asociativas, así como a adhesión a estas e a aprobación e modificación dos seus estatutos.

h) Transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impongan obrigatoriamente.

i) Cesión por calquera título do aproveitamento dos bens comunais.

j) Concesión de bens ou servizos por máis de cinco anos, sempre que a súa contía exceda do 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento.

k) Municipalización ou provincialización de actividades en réxime de monopolio e aprobación da forma concreta de xestión do servizo correspondente.

l) Aprobacións de operacións financeiras ou de crédito e concesións de quitacións ou esperas, cando o seu importe supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento, así como as operacións de crédito previstas no artigo 158.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

ll) Os acordos que lle corresponda adoptar á corporación na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

m) Alleamento de bens, cando a súa contía exceda o 20 por cento dos recursos ordinarios do seu orzamento.

n) Alteración da cualificación xurídica dos bens demaniais ou comunais.

ñ) Cesión gratuíta de bens a outras administracións ou institucións públicas.

ou) As restantes determinadas pola lei.

3. As normas relativas a adopción de acordos nos municipios sinalados no artigo 121 desta lei son as contidas no punto 2 do artigo 123.»

«Artigo 52.2.

a) As do pleno, os alcaldes ou presidentes e as xuntas de goberno, salvo nos casos excepcionais en que unha lei sectorial requira a aprobación ulterior da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, ou cando proceda recurso ante estas nos supostos do artigo 27.2.»

«Artigo 70.

1. As sesións do pleno das corporacións locais son públicas. Non obstante, poderán ser secretos o debate e votación daqueles asuntos que poidan afectar ó dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando así se acorde por maioría absoluta.

Non son públicas as sesións da xunta de goberno local.

2. Os acordos que adopten as corporacións locais publícanse ou notifícanse na forma prevista pola lei. As ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos plans urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes, a aprobación definitiva dos cales sexa competencia dos entes locais, publícanse no “Boletín Oficial” da provincia e non entrarán en vigor ata que se publicase completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 salvo os orzamentos e as ordenanzas fiscais que se publican e entran en vigor nos termos establecidos na Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais. As administracións públicas con competencias urbanísticas deberán ter, á disposición dos cidadáns que o soliciten, copias completas do planeamento vixente no seu ámbito territorial.

3. Tódolos cidadáns teñen dereito a obter copias e certificacións acreditativas dos acordos das corporacións locais e os seus antecedentes, así como a consulta dos arquivos e rexistros nos termos que dispoña a lexislación de desenvolvemento do artigo 105, alínea b) da Constitución. A denegación ou limitación deste dereito, en todo canto afecte a seguridade e defensa do Estado, a pescuda dos delitos ou a intimidade das persoas, deberase verificar mediante resolución motivada.»

«Artigo 73.3.

Para efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigas que se estableza con excepción daqueles que non se integren no grupo político que constitúa a formación electoral por que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

O pleno da corporación, con cargo ós orzamentos anuais desta, poderalles asignar ós grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo, idéntico para tódolos grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, se é o caso, se establezan con carácter xeral nas leis de orzamentos xerais do Estado e sen que se poidan destinar ó pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os dereitos económicos e políticos dos membros

non adscritos non poderán ser superiores ós que lles correspondesen de permaneceren no grupo de procedencia, e exerceranse na forma que determine o regulamento orgánico de cada corporación.

Esta previsión non será de aplicación no caso de candidaturas presentadas como coalición electoral cando algún dos partidos políticos que a integren decida abandonala.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire o parágrafo segundo deste punto 3, que porán á disposición do pleno da corporación, sempre que este o pida.

Cando a maioría dos concelleiros dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola cal concorreron ás eleccións ou sexan expulsados desta, serán os concelleiros que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes do dito grupo político para tódolos efectos. En calquera caso, o secretario da corporación poderase dirixir ó representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura para efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.»

«Artigo 85.

1. Son servizos públicos locais os que prestan as entidades locais no ámbito das súas competencias.

2. Os servizos públicos da competencia local poderanse xestionar mediante algunha das seguintes formas:

A) Xestión directa:

a) Xestión pola propia entidade local.

b) Organismo autónomo local.

c) Entidade pública empresarial local.

d) Sociedade mercantil local, o capital social da cal pertenza integramente á entidade local ou a un ente público desta.

B) Xestión indirecta, mediante as distintas formas previstas para o contrato de xestión de servizos públicos no artigo 156 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño.

3. En ningún caso se poderán prestar por xestión indirecta nin mediante sociedade mercantil de capital social exclusivamente local os servizos públicos que impliquen exercicio de autoridade.»

«Artigo 87.

1. As entidades locais poden constituír consorcios con outras administracións públicas para fins de interese común ou con entidades privadas sen ánimo de lucro que persigan fins de interese público, concorrentes cos das administracións públicas.

2. Os consorcios poderanse utilizar para a xestión dos servizos públicos locais, no marco dos convenios de cooperación transfronteiriza en que participen as entidades locais españolas, e de acordo coas previsións dos convenios internacionais ratificados por España na materia.»

«Artigo 108.

Contra os actos sobre aplicación e efectividade dos tributos locais, e dos restantes ingresos de dereito público das entidades locais, tales como

prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias, prezos públicos, e multas e sancións pecuniarias, formularase o recurso de reposición especificamente previsto para tal efecto na Lei reguladora das facendas locais. O dito recurso terá carácter potestativo nos municipios a que se refire o título X desta lei.»

«Artigo 117.

1. A Comisión Nacional de Administración Local é o órgano permanente para a colaboración entre a Administración xeral do Estado e a Administración local.

2. A comisión estará formada, baixo a presidencia do ministro de Administracións Públicas, por un número igual de representantes das entidades locais e da Administración xeral do Estado. A designación dos representantes das entidades locais correspóndelle en todo caso á asociación de ámbito estatal con maior implantación.

A súa composición, funcionamento e réxime de adopción de acordos será determinada regulamentariamente, mediante real decreto aprobado polo Consello de Ministros, por proposta do ministro de Administracións Públicas.

3. A comisión reúnese coa previa convocatoria do seu presidente, por iniciativa propia ou por solicitude da representación local. As súas reunións poderán asistir, cando sexan convocados polo seu presidente, representantes das comunidades autónomas.

4. O pleno da Comisión Nacional de Administración Local poderá delegar funcións nas súas subcomisións, con excepción do informe dos anteproxectos de lei que versen sobre as seguintes materias:

- a) Normativa básica de réxime local.
- b) Facendas locais.
- c) Leis orgánicas que afecten a Administración local.»

«Disposición adicional segunda.

7. De conformidade coa disposición adicional primeira da Constitución e os artigos 10.4 e 37 do Estatuto de autonomía do País Vasco, correspóndelles ás institucións forais de territorios históricos a facultade de convocar, exclusivamente para o seu territorio, os concursos a que se refire o artigo 99.1, para as prazas vacantes neste. As ditas convocatorias poderanse publicar ademais no "Boletín Oficial" do territorio histórico respectivo e no "Boletín Oficial do País Vasco".

Así mesmo, de acordo coas disposicións mencionadas no parágrafo anterior, correspóndelles ás institucións forais dos territorios históricos a facultade prevista no penúltimo parágrafo do artigo 99.1 de nomeamento dos funcionarios a que se refire o artigo 92.3.»

«Disposición adicional quinta.

1. As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás cales se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nel, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

2. As asociacións de entidades locais rexeranse polos seus estatutos, aprobados polos representantes das entidades asociadas, os cales deberán garanti-la participación dos seus membros nas tarefas asociativas e a representatividade dos seus órganos de goberno. Así mesmo, sinalarase nos

estatutos a periodicidade con que teñan que celebrarse as asembleas xerais ordinarias, en caso de que a dita periodicidade sexa superior á prevista, con carácter xeral, no artigo 11.3 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

3. As ditas asociacións, no ámbito propio das súas funcións, poderán realizar convenios coas distintas administracións públicas.»

2. O título IX da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pasa a denominarse «organizacións para a cooperación entre as administracións públicas en materia de Administración local».

3. Adiciónanse os seguintes preceptos na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, co seguinte contido:

«Artigo 70 bis.

1. Os concellos deberán establecer e regular en normas de carácter orgánico procedementos e órganos adecuados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local, tanto no ámbito do municipio no seu conxunto como no dos distritos, no suposto de que existan no municipio as ditas divisións territoriais.

2. Os veciños que gocen do dereito de sufraxio activo nas eleccións municipais poderán exercer-la iniciativa popular, presentando propostas de acordos ou actuacións ou proxectos de regulamentos en materias da competencia municipal. As ditas iniciativas deberán ir subscritas alomenos pola seguinte porcentaxe de veciños do municipio:

- a) Ata 5.000 habitantes, o 20 por cento.
- b) De 5.001 a 20.000 habitantes, o 15 por cento.
- c) A partir de 20.001 habitantes, o 10 por cento.

Tales iniciativas deberán ser sometidas a debate e votación no pleno, sen prexuízo de que sexan resoltas polo órgano competente por razón da materia. En todo caso, requirirase o previo informe de legalidade do secretario do concello, así como o informe do interventor cando a iniciativa afecte dereitos e obrigas de contido económico do concello. Nos municipios a que se refire o artigo 121 desta lei, o informe de legalidade será emitido polo secretario xeral do pleno e cando a iniciativa afecte dereitos e obrigas de contido económico, o informe será emitido polo interventor xeral municipal.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo da lexislación autonómica nesta materia.

Tales iniciativas poden levar incorporada unha proposta de consulta popular local, que será tramitada en tal caso polo procedemento e cos requisitos previstos no artigo 71.

3. Así mesmo, as entidades locais e, especialmente, os municipios, deberán impulsa-la utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilita-la participación e a comunicación cos veciños, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, se é o caso, de consultas cidadás.

As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares colaborarán cos municipios que, pola súa insuficiente capacidade económica e de xestión, non poidan desenvolver en grao suficiente o deber establecido neste punto.»

«Artigo 85 bis.

1. A xestión directa dos servizos da competencia local mediante as formas de organismos

autónomos locais e de entidades públicas empresariais locais rexeranse, respectivamente, polo disposto nos artigos 45 a 52 e 53 a 60 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, en canto lles resultase de aplicación, coas seguintes especialidades:

a) A súa creación, modificación, refundición e supresión corresponderalle ó pleno da entidade local, quen aprobará os seus estatutos. Deberán quedar adscritas a unha concellería, área ou órgano equivalente da entidade local, aínda que, no caso das entidades públicas empresariais, tamén poderán estar a un organismo autónomo local. Excepcionalmente, poderán existir entidades públicas empresariais ás cales os estatutos lles asignen a función de dirixir ou coordinar outros entes da mesma ou distinta natureza.

b) O titular do seu máximo órgano de dirección deberá ser un funcionario de carreira ou laboral das administracións públicas ou un profesional do sector privado, titulados superiores en ámbolos casos, e con máis de cinco anos de exercicio profesional no segundo. Nos municipios sinalados no título X, terá a consideración de órgano directivo.

c) Nos organismos autónomos locais deberá existir un consello rector, a composición do cal se determinará nos seus estatutos.

d) Nas entidades públicas empresariais locais deberá existir un consello de administración, a composición do cal se determinará nos seus estatutos. O secretario do consello de administración, que debe ser un funcionario público ó que se esixa para o seu ingreso titulación superior, exercerá as funcións de fe pública e asesoramento legal dos órganos unipersoais e colexiados destas entidades.

e) A determinación e modificación das condicións retributivas, tanto do persoal directivo coma do resto do persoal, deberanse axustar en todo caso ás normas que ó respecto aprobe o pleno ou a xunta de goberno, segundo corresponda.

f) Estarán sometidos a controis específicos sobre a evolución dos gastos de persoal e da xestión dos seus recursos humanos polas correspondentes concellerías, áreas ou órganos equivalentes da entidade local.

g) O seu inventario de bens e dereitos remitirase anualmente á concellería, área ou órgano equivalente da entidade local.

h) Será necesaria a autorización da concellería, área ou órgano equivalente da entidade local a que estean adscritos, para realizaren contratos de contía superior ás cantidades previamente fixadas por aquela.

i) Estarán sometidos a un control de eficacia pola concellería, área ou órgano equivalente da entidade local a que estean adscritos.

j) Calquera outra referencia a órganos estatais efectuada na Lei 6/1997, do 14 de abril, e demais normativa estatal aplicable, entenderase realizada ós órganos competentes da entidade local.

As referencias efectuadas neste artigo á xunta de goberno entenderanse efectuadas ó pleno nos municipios en que non exista aquela.

2. Os estatutos dos organismos autónomos locais e das entidades públicas empresariais locais comprenderán os seguintes extremos:

a) A determinación dos máximos órganos de dirección do organismo, xa sexan unipersoais ou colexiados, así como a súa forma de designación, con respecto en todo caso ó disposto no punto

anterior, con indicación daqueles actos e resolucións que esgoten a vía administrativa.

b) As funcións e competencias do organismo, con indicación das potestades administrativas xerais que este pode exercer.

c) No caso das entidades públicas empresariais, os estatutos tamén determinarán os órganos ós cales se lles confira o exercicio das potestades administrativas.

d) O patrimonio que se lles asigne para o cumprimento dos seus fins e os recursos económicos que teñan que financiarlo organismo.

e) O réxime relativo a recursos humanos, patrimonio e contratación.

f) O réxime orzamentario, económico-financieiro, de contabilidade, de intervención, control financeiro e control de eficacia, que serán, en todo caso, conformes coa lexislación sobre as facendas locais e co disposto no capítulo III do título X desta lei.

3. Os estatutos deberán ser aprobados e publicados con carácter previo á entrada en funcionamento efectivo do organismo público correspondente.»

«Artigo 85 ter.

1. As sociedades mercantís locais rexeranse integramente, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo ordenamento xurídico privado, salvo as materias en que lles sexa de aplicación a normativa orzamentaria, contable, de control financeiro, de control de eficacia e contratación, e sen prexuízo do sinalado no punto seguinte deste artigo.

2. A sociedade deberá adoptar unha das formas de sociedade mercantil de responsabilidade limitada, e na escritura de constitución constará o capital, que deberá ser achegado integramente pola entidade local ou un ente público desta.

3. Os estatutos determinarán a forma de designación e o funcionamento da xunta xeral e do consello de administración, así como os seus máximos órganos de dirección.»

«Artigo 120 bis.

O Estado impulsará a colaboración coas comunidades autónomas co fin de crear órganos de cooperación conxuntos en materia de réxime local, tanto baixo a forma xurídica de conferencia sectorial como doutra natureza, de acordo co disposto no artigo 5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

«Disposición adicional oitava. *Especialidades das funcións correspondentes ós funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X e nos cabidos insulares canarios regulados na disposición adicional décimo cuarta.*

Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X desta lei e nos cabidos insulares canarios regulados na disposición adicional décimo cuarta, aplicaranse as seguintes normas:

a) As funcións reservadas no dito título ós funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional serán desempeñadas por funcionarios das subescalas que correspondan, de acordo co disposto na súa normativa regulamentaria.

b) A provisión dos postos reservados a estes funcionarios será efectuada polos sistemas previstos no artigo 99 desta lei e nas disposicións regu-

lamentarias de desenvolvemento e requirirá, en todo caso, unha previa convocatoria pública.

c) As funcións que a lexislación electoral xeral lles asigna ós secretarios dos concellos, así como o mantemento e custodia do rexistro de intereses de membros da corporación, serán exercidas polo secretario do pleno.

d) As funcións de fe pública dos actos e acordos dos órganos unipersoais e as demais funcións de fe pública, salvo aquelas que estean atribuídas ó secretario xeral do pleno, ó concelleiro secretario da xunta de goberno local e ó secretario do consello de administración das entidades públicas empresariais, serán exercidas polo titular do órgano de apoio ó secretario da xunta de goberno local, sen prexuízo de que poida delega-lo seu exercicio noutros funcionarios do concello.

e) As funcións que a lexislación sobre contratos das administracións públicas lles asigna ós secretarios dos concellos, corresponderánlle ó titular de asesoría xurídica, salvo as de formalización dos contratos en documento administrativo.

f) O secretario xeral do pleno e o titular do órgano de apoio ó secretario da xunta de goberno local, dentro dos seus respectivos ámbitos de actuación, deberán remitirle á Administración do Estado e á da comunidade autónoma copia ou, se é o caso, extracto, dos actos e acordos dos órganos decisorios do concello.»

«Disposición adicional novena. *Observatorio urbano.*

Coa finalidade de coñecer e analiza-la evolución da calidade de vida nos municipios regulados no título X desta lei, a través do seguimento dos indicadores que se determinen regulamentariamente, o Goberno creará un observatorio urbano, dependente do Ministerio de Administracións Públicas.»

«Disposición adicional décima. *Policías locais.*

No marco do disposto nas leis orgánicas 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial; 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade; 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, e nas disposicións legais reguladoras do réxime local, potenciarase a participación dos corpos de policía local no mantemento da seguridade cidadá, como policía de proximidade, así como no exercicio das funcións de policía xudicial, para os efectos das cales o Goberno da Nación promoverá as actuacións necesarias para a elaboración dunha norma que defina e concrete o ámbito material da dita participación.»

«Disposición adicional décimo primeira. *Réxime especial dos municipios de gran poboación.*

As disposicións contidas no título X para os municipios de gran poboación prevalecerán respecto das demais normas de igual ou inferior rango no que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles.»

«Disposición adicional décimo segunda. *Reordenación de sociedades mercantís.*

1. Nos supostos de constitución dunha entidade pública empresarial coa función de dirixir ou coordinar outros entes con natureza de sociedade mercantil local, a incorporación, se é o caso, de participacións accionariais de titularidade da corporación ou dun ente público seu á entidade pública empresarial, ou desta a aquela será acordada polo pleno do concello. As operacións de cambio de titularidade terán plena efectividade a partir do acordo plenario, que constituirá título acreditativo

da nova titularidade para tódolos efectos. As participacións accionariais recibidas rexistraranse na contabilidade do novo titular polo mesmo valor contable que tiñan no anterior titular na data do dito acordo.

2. Así mesmo, as citadas operacións de cambio de titularidade non estarán suxeitas á lexislación do mercado de valores nin ó réxime de oferta pública de adquisición e non darán lugar ó exercicio de dereitos de tanteo, retracto ou calquera outro dereito de adquisición preferente que estatutaria ou contractualmente puidesen presentar sobre as ditas participacións outros accionistas das sociedades, as participacións das cales sexan transferidas ou, se é o caso, terceiros a esas sociedades. Adicionalmente, a mera transferencia e reordenación de participacións societarias que se realice en aplicación desta norma non poderá ser entendida como causa de modificación ou de resolución das relacións xurídicas que manteñan tales sociedades.

3. Tódalas operacións societarias, cambios de titularidade e actos derivados do previsto nesta disposición estarán exentos de calquera tributo estatal, incluídos os tributos cedidos ás comunidades autónomas, ou local, sen que neste último caso proceda a compensación a que se refire o primeiro parágrafo do punto 2 do artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Os aranceis dos fedatarios públicos e rexistradores da propiedade e mercantís que interveñan os actos derivados da execución desta norma reduciranse nun 90 por cento.»

«Disposición adicional décimo terceira.

O Goberno adoptará as medidas necesarias para facer efectiva a participación das entidades locais, a través da asociación de ámbito estatal máis representativa, na formación da vontade nacional na fase ascendente do proceso de elaboración de todas aquelas políticas comunitarias que afectan de maneira directa as competencias locais.»

«Disposición adicional décimo cuarta. *Réxime especial de organización dos cabidos insulares canarios.*

1. As normas contidas nos capítulos II e III do título X desta lei, salvo os artigos 128, 132 e 137, serán de aplicación:

a) Ós cabidos insulares canarios de illas cunha poboación superior a 175.000 habitantes.

b) Ós restantes cabidos insulares de illas cunha poboación superior a 75.000 habitantes, sempre que así o decida mediante lei o Parlamento canario por iniciativa dos plenos dos respectivos cabidos.

2. Serán órganos insulares necesarios dos cabidos o pleno, o presidente e o consello de goberno insular.

3. As referencias contidas nos artigos 122, 123, 124, 125 e 126 ó alcalde, entenderanse feitas ó presidente do cabido; as contidas nos artigos 124, 125 e 127 ós tenentes de alcalde, ós vicepresidentes; as contidas nos artigos 123, 126, 127, 129 e 130 á xunta de goberno local, ó consello de goberno insular e as contidas nos artigos 122, 124 e 126 ós concelleiros, ós conselleiros.

4. As competencias atribuídas ós órganos mencionados no punto anterior serán asumidas polo respectivo órgano insular do cabido, sempre que estas non sexan materias estrictamente municipais.

5. A asesoría xurídica, os órganos superiores e directivos e o consello social insular terán as competencias asignadas a eles nos artigos 129, 130 e 131. O nomeamento dos titulares da asesoría xurídica e dos órganos directivos efectuarase tendo en conta os requisitos esixidos nos artigos 129 e 130.»

4. Adiciónanse dous novos títulos, o X e o XI, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, co seguinte contido:

«TÍTULO X

Réxime de organización dos municipios de gran poboación

CAPÍTULO I

Ámbito de aplicación

Artigo 121. *Ámbito de aplicación.*

1. As normas previstas neste título serán de aplicación:

- a) Os municipios cunha poboación que supere os 250.000 habitantes.
- b) Os municipios capitais de provincia cunha poboación que sexa superior ós 175.000 habitantes.
- c) Os municipios que sexan capitais de provincia, capitais autonómicas ou sedes das institucións autonómicas.
- d) Así mesmo, ós municipios cunha poboación que supere os 75.000 habitantes, que presenten circunstancias económicas, sociais, históricas ou culturais especiais.

Nos supostos previstos nas alíneas c) e d), esixirase que así o decidan as asembleas lexislativas correspondentes por iniciativa dos respectivos concellos.

2. Cando un municipio, de acordo coas cifras oficiais de poboación resultantes da revisión do padrón municipal aprobadas polo Goberno con referencia ó 1 de xaneiro do ano anterior ó do inicio de cada mandato do seu concello, alcance a poboación requirida para a aplicación do réxime previsto neste título, a nova corporación disporá dun prazo máximo de seis meses desde a súa constitución para adapta-la súa organización ó contido das disposicións deste título.

Para estes efectos, terase en conta exclusivamente a poboación resultante da indicada revisión do padrón, e non as correspondentes a outros anos de cada mandato.

3. Os municipios a que resulte de aplicación o réxime previsto neste título continuarán a rexer por el aínda que a súa cifra oficial de poboación se reduza posteriormente por debaixo do límite establecido nesta lei.

CAPÍTULO II

Organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios

Artigo 122. *Organización do pleno.*

1. O pleno, formado polo alcalde e os concelleiros, é o órgano de máxima representación política dos cidadáns no goberno municipal.

2. O pleno será convocado e presidido polo alcalde, salvo nos supostos previstos nesta lei e na lexislación electoral xeral, ó cal lle corresponde

decidi-los empates con voto de calidade. O alcalde poderá delegar exclusivamente a convocatoria e a presidencia do pleno, cando o estime oportuno, nun dos concelleiros.

3. O pleno dotarase do seu propio regulamento, que terá a natureza de orgánico. Non obstante, a regulación da súa organización e funcionamento poderá conterse tamén no regulamento orgánico municipal.

En todo caso, o pleno contará cun secretario xeral e disporá de comisións, que estarán formadas polos membros que designen os grupos políticos en proporción ó número de concelleiros que teñan no pleno.

4. Corresponderanlles ás comisións as seguintes funcións:

- a) O estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do pleno.
- b) O seguimento da xestión do alcalde e do seu equipo de goberno, sen prexuízo do superior control e fiscalización que, con carácter xeral, lle corresponde ó pleno.
- c) Aquelas que o pleno lles delegue, de acordo co disposto nesta lei.

En todo caso, serán de aplicación a estas comisións as previsións contidas para o pleno no artigo 46.2, parágrafos b), c) e d).

5. Corresponderalle ó secretario xeral do pleno, que o será tamén das comisións, as seguintes funcións:

- a) A redacción e custodia das actas, así como a supervisión e autorización destas, co visto e prace do presidente do pleno.
- b) A expedición, co visto e prace do presidente do pleno, das certificacións dos actos e acordos que se adopten.
- c) A asistencia ó presidente do pleno para asegurar-la convocatoria das sesións, a orde nos debates e a correcta realización das votacións, así como a colaboración no normal desenvolvemento dos traballos do pleno e das comisións.
- d) A comunicación, publicación e execución dos acordos plenarios.
- e) O asesoramento legal ó pleno e ás comisións, que será preceptivo nos seguintes supostos:

1.º Cando así o ordene o presidente ou cando o solicite un tercio dos seus membros con antelación suficiente á realización da sesión en que o asunto deba tratarse.

2.º Sempre que se trate de asuntos sobre materias para as cales se esixa unha maioría especial.

3.º Cando unha lei así o esixa nas materias da competencia plenaria.

4.º Cando, no exercicio da función de control e fiscalización dos órganos de goberno, o solicite o presidente ou a cuarta parte, polo menos, dos concelleiros.

As ditas funcións quedan reservadas a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. O seu nomeamento corresponderalle ó presidente nos termos previstos na disposición adicional oitava, tendo a mesma equiparación que os órganos directivos previstos no artigo 130 desta lei, sen prexuízo do que determinen a este respecto as normas orgánicas que regulen o pleno.

n

Artigo 123. *Atribucións do pleno.*

1. Correspóndenlle ó pleno as seguintes atribucións:

a) O control e a fiscalización dos órganos de goberno.

b) A votación da moción de censura ó alcalde e da cuestión de confianza proposta por este, que será pública e que se realizará mediante chamamento nominal en todo caso e que se rexerá en tódolos seus aspectos polo disposto na lexislación electoral xeral.

c) A aprobación e modificación dos regulamentos de natureza orgánica. Terán en todo caso natureza orgánica:

A regulación do pleno.

A regulación do consello social da cidade.

A regulación da comisión especial de suxestións e reclamacións.

A regulación dos órganos complementarios e dos procedementos de participación cidadá.

A división do municipio en distritos, e a determinación e regulación dos órganos dos distritos e das competencias dos seus órganos representativos e participativos, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar a organización e as competencias da súa administración executiva.

A determinación dos niveis esenciais da organización municipal, entendendo por tales as grandes áreas de goberno, os coordinadores xerais, dependentes directamente dos membros da xunta de goberno local, con funcións de coordinación das distintas direccións xerais ou órganos similares integradas na mesma área de goberno, e da xestión dos servizos comúns destas ou outras funcións análogas e as direccións xerais ou órganos similares que culminen a organización administrativa, sen prexuízo das atribucións do alcalde para determinar o número de cada un de tales órganos e establecer niveis complementarios inferiores.

A regulación do órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas.

d) A aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais.

e) Os acordos relativos á delimitación e alteración do termo municipal; a creación ou supresión das entidades a que se refire o artigo 45 desta lei; a alteración da capitalidade do municipio e o cambio de denominación deste ou daquelas entidades, e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.

f) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais.

g) A determinación dos recursos propios de carácter tributario.

h) A aprobación dos orzamentos, do cadro de persoal, así como a autorización de gastos nas materias da súa competencia. Así mesmo, aprobará a conta xeral do exercicio correspondente.

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

j) A transferencia de funcións ou actividades a outras administracións públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras administracións, salvo que por lei se impongan obrigatoriamente.

k) A determinación das formas de xestión dos servizos, así como o acordo de creación de orga-

nismos autónomos, de entidades públicas empresariais e de sociedades mercantís para a xestión dos servizos de competencia municipal, e a aprobación dos expedientes de municipalización.

l) As facultades de revisión de oficio dos seus propios actos e disposicións de carácter xeral.

m) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa xurídica do pleno nas materias da súa competencia.

n) Establece-lo réxime retributivo dos membros do pleno, do seu secretario xeral, do alcalde, dos membros da xunta de goberno local e dos órganos directivos municipais.

ñ) A presentación de conflitos de competencia a outras entidades locais e outras administracións públicas.

ou) Acorda-la iniciativa prevista no último inciso do artigo 121.1, para que o municipio poida ser incluído no ámbito de aplicación do título X desta lei.

p) As demais que expresamente lle confiran as leis.

2. Requirirase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do pleno, para a adopción dos acordos referidos nas alíneas c), e), f), j) e o) e para os acordos que lle correspondan adoptar ó pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación urbanística.

Os demais acordos adoptaranse por maioría simple de votos.

3. Unicamente poden delegarse as competencias do pleno referidas nas alíneas d), k), m) e ñ) a favor das comisións referidas no punto 4 do artigo anterior.

Artigo 124. *O alcalde.*

1. O alcalde presenta a máxima representación do municipio.

2. O alcalde é responsable da súa xestión política ante o pleno.

3. O alcalde terá o tratamento de excelencia.

4. En particular, correspóndelle ó alcalde o exercicio das seguintes funcións:

a) Representa-lo concello.

b) Dirixi-la política, o goberno e a administración municipal, sen prexuízo da acción colexiada de colaboración na dirección política que, mediante o exercicio das funcións executivas e administrativas que lle son atribuídas por esta lei, realice a xunta de goberno local.

c) Establecer directrices xerais da acción de goberno municipal e asegura-la súa continuidade.

d) Convocar e presidi-las sesións do pleno e as da xunta de goberno local e decidi-los empates con voto de calidade.

e) Nomear e dispoñe-lo cesamento dos tenentes de alcalde e dos presidentes dos distritos.

f) Ordena-la publicación, execución e cumprimento dos acordos dos órganos executivos do concello.

g) Dictar bandos, decretos e instrucións.

h) Adopta-las medidas necesarias e adecuadas en casos de extraordinaria e urxente necesidade, dándolle conta inmediata ó pleno.

i) Exerce-la superior dirección do persoal ó servizo da Administración municipal.

j) A xefatura da policía municipal.

k) Establece-la organización e estrutura da Administración municipal executiva, sen prexuízo

das competencias atribuídas ó pleno en materia de organización municipal, de acordo co disposto na alínea c) do punto 1 do artigo 123.

l) O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia e, en caso de urxencia, en materias da competencia do pleno, neste suposto dando conta a este na primeira sesión que teña lugar para a súa ratificación.

m) As facultades de revisión de oficio dos seus propios actos.

n) A autorización e disposición de gastos nas materias da súa competencia.

ñ) As demais que lle atribúan expresamente as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das comunidades autónomas lle asignen ó municipio e non se atribúan a outros órganos municipais.

5. O alcalde poderá delegar mediante decreto as competencias anteriores na xunta de goberno local, nos seus membros, nos demais concelleiros e, se é o caso, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos similares, con excepción das sinaladas nas alíneas b), e), h) e j), así como a de convocar e presidir a xunta de goberno local, decidir os empates con voto de calidade e a de dictar bandos. As atribucións previstas nas alíneas c) e k) só serán delegables na xunta de goberno local.

Artigo 125. *Os tenentes de alcalde.*

1. O alcalde poderá nomear entre os concelleiros que formen parte da xunta de goberno local os tenentes de alcalde, que o substituirán, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2. Os tenentes de alcalde terán o tratamento de ilustrísima.

Artigo 126. *Organización da xunta de goberno local.*

1. A xunta de goberno local é o órgano que, baixo a presidencia do alcalde, colabora de forma colexiada na función de dirección política que a este corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 desta lei.

2. Correspóndelle ó alcalde nomear e separar libremente os membros da xunta de goberno local, o número dos cales non poderá exceder un tercio do número legal de membros do pleno, ademais do alcalde.

O alcalde poderá nomear como membros da xunta de goberno local a persoas que non teñan a condición de concelleiros, sempre que o seu número non supere un tercio dos seus membros, excluído o alcalde. Os seus dereitos económicos e prestacións sociais serán os dos membros electivos.

En todo caso, para a válida constitución da xunta de goberno local requírese que o número de membros da xunta de goberno local que teñen a condición de concelleiros presentes sexa superior ó número daqueles membros presentes que non teñen a dita condición.

Os membros da xunta de goberno local poderán asistir ás sesións do pleno e intervir nos debates, sen prexuízo das facultades que corresponden ó seu presidente.

3. A xunta de goberno local responde politicamente ante o pleno da súa xestión de forma solidaria, sen prexuízo da responsabilidade directa de cada un dos seus membros pola súa xestión.

4. A secretaría da xunta de goberno local corresponderalle a un dos seus membros que reúna a condición de concelleiro, designado polo alcalde, quen redactará as actas das sesións e certificará sobre os seus acordos. Existirá un órgano de apoio á xunta de goberno local e ó concelleiro-secretario desta, o titular da cal será nomeado entre funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional. As súas funcións serán as seguintes:

a) A asistencia ó concelleiro-secretario da xunta de goberno local.

b) A remisión das convocatorias ós membros da xunta de goberno local.

c) O arquivo e custodia das convocatorias, ordes do día e actas das reunións.

d) Velar pola correcta e fiel comunicación dos seus acordos.

5. As deliberacións da xunta de goberno local son secretas. As súas sesións poderán asistirlos concelleiros non pertencentes á xunta e os titulares dos órganos directivos, en ámbolos supostos cando sexan convocados expresamente polo alcalde.

Artigo 127. *Atribucións da xunta de goberno local.*

1. Correspóndelle á xunta de goberno local:

a) A aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do pleno e as súas comisións.

b) A aprobación do proxecto de orzamento.

c) A aprobación dos proxectos de instrumentos de ordenación urbanística a aprobación definitiva ou provisional dos cales lle corresponda ó pleno.

d) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídas expresamente ó pleno, así como dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

e) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial a atribúa expresamente a outro órgano.

f) As contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual, a ampliación do número de anualidades e a modificación das porcentaxes de gastos plurianuais, así como a xestión, adquisición e alleamento do patrimonio, a concertación de operacións de crédito, todo isto de acordo co orzamento e as súas bases de execución.

g) O desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo pleno, e a xestión do persoal.

h) Aproba-la relación de postos de traballo, as retribucións do persoal de acordo co orzamento aprobado polo pleno, a oferta de emprego público, as bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo, o número e réxime do persoal eventual, a separación do servizo dos funcionarios do concello, sen prexuízo do disposto no artigo 99 desta lei, o despedimento do persoal laboral, o réxime disciplinario e as demais decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano.

A composición dos tribunais de oposicións será predominantemente técnica, debendo posuír todo-

n

los seus membros un nivel de titulación igual ou superior ó esixido para o ingreso nas prazas convocadas. O seu presidente poderá ser nomeado entre os membros da corporación ou entre o persoal ó servizo das administracións públicas.

i) O nomeamento e o cesamento dos titulares dos órganos directivos da Administración municipal, sen prexuízo do disposto na disposición adicional oitava para os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

j) O exercicio das accións xudiciais e administrativas en materia da súa competencia.

k) As facultades de revisión de oficio dos seus propios actos.

l) Exerce-la potestade sancionadora salvo que por lei estea atribuída a outro órgano.

m) As demais que lle correspondan, de acordo coas disposicións legais vixentes.

2. A xunta de goberno local poderá delegar nos tenentes de alcalde, nos demais membros da xunta de goberno local, se é o caso, nos demais concelleiros, nos coordinadores xerais, directores xerais ou órganos similares, as funcións enumeradas nas alíneas e), f), g), h) con excepción da aprobación da relación de postos de traballo, das retribucións do persoal, da oferta de emprego público, da determinación do número e do réxime do persoal eventual e da separación do servizo dos funcionarios, e l) do punto anterior.

Artigo 128. *Os distritos.*

1. Os concellos deberán crear distritos, como divisións territoriais propias, dotadas de órganos de xestión desconcentrada, para impulsar e desenvolver-la participación cidadá na xestión dos asuntos municipais e a súa mellora, sen prexuízo da unidade de goberno e xestión do municipio.

2. Correspóndelle ó pleno da corporación a creación dos distritos e a súa regulación, nos termos e co alcance previsto no artigo 123, así como determinar, nunha norma de carácter orgánico, a porcentaxe mínima dos recursos orzamentarios da corporación que deberán ser xestionados polos distritos, no seu conxunto.

3. A presidencia do distrito corresponderá en todo caso a un concelleiro.

Artigo 129. *A asesoría xurídica.*

1. Sen prexuízo das funcións reservadas ó secretario do pleno pola alínea e) do punto 5 do artigo 122 desta lei, existirá un órgano administrativo responsable da asistencia xurídica ó alcalde, á xunta de goberno local e ós órganos directivos, comprensiva do asesoramento xurídico e da representación e defensa en xuízo do concello, sen prexuízo do disposto no punto segundo do artigo 447 da Lei 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

2. O seu titular será nomeado e separado pola xunta de goberno local, entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do título de licenciado en dereito.

b) Te-la condición de funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, ós cales se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.

Artigo 130. *Órganos superiores e directivos.*

1. Son órganos superiores e directivos municipais os seguintes:

A) Órganos superiores:

a) O alcalde.

b) Os membros da xunta de goberno local.

B) Órganos directivos:

a) Os coordinadores xerais de cada área ou concellería.

b) Os directores xerais ou órganos similares que culminen a organización administrativa dentro de cada unha das grandes áreas ou concellerías.

c) O titular do órgano de apoio á xunta de goberno local e ó concelleiro-secretario desta.

d) O titular da asesoría xurídica.

e) O secretario xeral do pleno.

f) O interventor xeral municipal.

g) Se é o caso, o titular do órgano de xestión tributaria.

2. Terán tamén a consideración de órganos directivos, os titulares dos máximos órganos de dirección dos organismos autónomos e das entidades públicas empresariais locais, de conformidade co establecido no artigo 85 bis, parágrafo b).

3. O nomeamento dos coordinadores xerais e dos directores xerais deberá efectuarse entre funcionarios de carreira do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais ou funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, ós cales se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente, salvo que o pleno, ó determinar os niveis esenciais da organización municipal, de acordo co disposto no artigo 123.1 c), permita que, en atención ás características específicas do posto directivo, o seu titular non reúna as ditas condicións de funcionario. Neste caso os nomeamentos deberán efectuarse motivadamente e de acordo con criterios de competencia profesional e experiencia no desempeño de postos de responsabilidade na xestión pública ou privada.

4. Os órganos superiores e directivos quedan sometidos ó réxime de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, e noutras normas estatais ou autonómicas que resulten de aplicación.

Artigo 131. *O consello social da cidade.*

1. Nos municipios sinalados neste título existirá un consello social da cidade, integrado por representantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativas.

2. Corresponderalle a este consello, ademais das funcións que determine o pleno mediante normas orgánicas, a emisión de informes, estudos e propostas en materia de desenvolvemento económico local, planificación estratéxica da cidade e grandes proxectos urbanos.

Artigo 132. *Defensa dos dereitos dos veciños.*

1. Para a defensa dos dereitos dos veciños ante a Administración municipal, o pleno creará unha comisión especial de suxestións e reclamacións, o funcionamento da cal se regulará en normas de carácter orgánico.

2. A comisión especial de suxestións e reclamacións estará formada por representantes de tódolos grupos que integren o pleno, de forma proporcional ó número de membros que teñan neste.

3. A citada comisión poderá supervisar a actividade da Administración municipal, e deberá dar conta ó pleno, mediante un informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais, con especificación das suxestións ou recomendacións non admitidas pola Administración municipal. Non obstante, tamén poderá realizar informes extraordinarios cando a gravidade ou a urxencia dos feitos o aconsellen.

4. Para o desenvolvemento das súas funcións, tódolos órganos de goberno e da Administración municipal están obrigados a colaborar coa comisión de suxestións e reclamacións.

CAPÍTULO III

Xestión económico-financeira

Artigo 133. *Criterios da xestión económico-financeira.*

A xestión económico-financeira axustarase ós seguintes criterios:

a) Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de acordo co disposto na lexislación que o regule.

b) Separación das funcións de contabilidade e de fiscalización da xestión económico-financeira.

c) A contabilidade axustarase en todo caso ás previsións que nesta materia contén a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

d) O ámbito en que se realizará a fiscalización e o control de legalidade orzamentaria será o orzamento ou o estado de previsión de ingresos e gastos, segundo proceda.

e) Introducción da esixencia do seguimento dos custos dos servizos.

f) A asignación de recursos, de acordo cos principios de eficacia e eficiencia, farase en función da definición e o cumprimento de obxectivos.

g) A administración e rendibilización dos excedentes líquidos e a concertación de operacións de tesourería realizaranse de acordo coas bases de execución do orzamento e o plan financeiro aprobado.

h) Tódolos actos, documentos e expedientes da Administración municipal e de tódalas entidades dependentes dela, sexa cal for a súa natureza xurídica, dos que se deriven dereitos e obrigas de contido económico estarán suxeitos ó control e fiscalización interna polo órgano que se determina nesta lei, nos termos establecidos nos artigos 194 a 203 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Artigo 134. *Órgano ou órganos de xestión económico-financeira e orzamentaria.*

1. As funcións de elaboración de orzamentos, contabilidade, tesourería e recadación serán exercidas polo órgano ou órganos que se determinen no Regulamento orgánico municipal.

2. O titular ou titulares do dito órgano ou órganos deberá ser un funcionario de Administración local con habilitación de carácter nacional, salvo o do órgano que desenvolva as funcións de elaboración de orzamentos.

Artigo 135. *Órgano de xestión tributaria.*

1. Para a consecución dunha xestión integral do sistema tributario municipal, rexido polos principios de eficiencia, suficiencia, axilidade e unidade na xestión, habilitase o pleno dos concellos dos municipios de gran poboación para crear un órgano de xestión tributaria, responsable de exercer como propias as competencias que á Administración tributaria local lle atribúe a lexislación tributaria.

2. Corresponderanlle a este órgano de xestión tributaria, cando menos, as seguintes competencias:

a) A xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión dos actos tributarios municipais.

b) A recadación en período executivo dos demais ingresos de dereito público do concello.

c) A tramitación e resolución dos expedientes sancionadores tributarios relativos ós tributos dos cales teña atribuída a competencia xestora.

d) A análise e deseño da política global de ingresos públicos no relativo ó sistema tributario municipal.

e) A proposta, elaboración e interpretación das normas tributarias propias do concello.

f) O seguimento e a ordenación da execución dos orzamentos de ingresos no relativo a ingresos tributarios.

3. No caso de que o pleno faga uso da habilitación prevista no punto 1, a función de recadación e o seu titular quedarán adscritos a este órgano, quedando sen efecto o disposto no artigo 134.1 no que respecta á función de recadación.

Artigo 136. *Órgano responsable do control e da fiscalización interna.*

1. A función pública de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, na súa triple acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, corresponderalle a un órgano administrativo, coa denominación de intervención xeral municipal.

2. A intervención xeral municipal exercerá as súas funcións con plena autonomía respecto dos órganos e entidades municipais e cargos directivos a xestión das cales fiscalice, tendo completo acceso á contabilidade e a cantos documentos sexan necesarios para o exercicio das súas funcións.

3. O seu titular será nomeado entre funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

Artigo 137. *Órgano para a resolución das reclamacións económico-administrativas.*

1. Existirá un órgano especializado nas seguintes funcións:

a) O coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público que sexan de competencia municipal.

b) O dictame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais.

c) No caso de ser requirido polos órganos municipais competentes en materia tributaria, a elaboración de estudos e propostas nesta materia.

2. A resolución que se dicte pon fin á vía administrativa e contra ela só caberá a interposición do recurso contencioso-administrativo.

3. Non obstante, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar previamente contra

n

os actos previstos no punto 1 a) o recurso de reposición regulado no artigo 14 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais. Contra a resolución, se é o caso, do citado recurso de reposición, poderá interperse reclamación económico-administrativa ante o órgano previsto neste artigo.

4. Estará constituído por un número impar de membros, cun mínimo de tres, designados polo pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente o integren, de entre persoas de recoñecida competencia técnica, e cesarán por algunha das seguintes causas:

- a) Por petición propia.
- b) Cando o acorde o pleno coa mesma maioría que para o seu nomeamento.
- c) Cando sexan condenados mediante sentenza firme por delicto doloso.
- d) Cando sexan sancionados mediante resolución firme pola comisión dunha falta disciplinaria moi grave ou grave.

Soamente o pleno poderá acorda-la incoación e a resolución do correspondente expediente disciplinario, que se rexerá, en tódolos seus aspectos, pola normativa aplicable en materia de réxime disciplinario ós funcionarios do concello.

5. O seu funcionamento basearase en criterios de independencia técnica, celeridade e gratuidade. A súa composición, competencias, organización e funcionamento, así coma o procedemento das reclamacións, regularase por regulamento aprobado polo pleno, de acordo en todo caso co establecido na Lei xeral tributaria e na normativa estatal reguladora das reclamacións económico-administrativas, sen prexuízo das adaptacións necesarias en consideración ó ámbito de actuación e funcionamento do órgano.

6. A reclamación regulada neste artigo enténdese sen prexuízo dos supostos nos que a lei prevé a reclamación económico-administrativa ante os tribunais económico-administrativos do Estado.

CAPÍTULO IV

Conferencia de cidades

Artigo 138.

No seo da conferencia sectorial para asuntos locais existirá unha conferencia de cidades da cal formarán parte a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e os alcaldes dos municipios comprendidos no ámbito de aplicación do título X desta lei.

TÍTULO XI

Tipificación das infraccións e sancións polas entidades locais en determinadas materias

Artigo 139. *Tipificación de infraccións e sancións en determinadas materias.*

Para a adecuada ordenación das relacións de convivencia de interese local e do uso dos seus servicios, equipamentos, infraestructuras, instalacións e espazos públicos, os entes locais poderán, en defecto de normativa sectorial específica, establecer os tipos das infraccións e impor sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas correspondentes ordenanzas, de acordo cos criterios establecidos nos artigos seguintes.

Artigo 140. *Clasificación das infraccións.*

1. As infraccións ás ordenanzas locais a que se refire o artigo anterior clasificaranse en moi graves, graves e leves.

Serán moi graves as infraccións que supoñan:

a) Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa a tranquilidade ou o exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, o normal desenvolvemento de actividades de toda clase conformes coa normativa aplicable ou a salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de conductas non subsumibles nos tipos previstos no capítulo IV da Lei 1/1992, do 21 de febreiro, de protección da seguridade cidadá.

b) O impedimento do uso dun servicio público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

c) O impedimento ou a grave e relevante obstrución ó normal funcionamento dun servicio público.

d) Os actos de deterioración grave e relevante de equipamentos, infraestructuras, instalacións ou elementos dun servicio público.

e) O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

f) Os actos de deterioración grave e relevante de espazos públicos ou de calquera das súas instalacións e elementos, sexan mobles ou inmoibles, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

2. As demais infraccións clasificaranse en graves e leves, de acordo cos seguintes criterios:

a) A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades.

b) A intensidade da perturbación causada á salubridade ou ornato públicos.

c) A intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servicio ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos.

d) A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servicio público.

e) A intensidade dos danos ocasionados ós equipamentos, infraestructuras, instalacións ou elementos dun servicio ou dun espazo público.

Artigo 141. *Límites das sancións económicas.*

Agás previsión legal distinta, as multas por infracción de ordenanzas locais deberán respectar as seguintes contías:

Infraccións moi graves: ata 3.000 euros.

Infraccións graves: ata 1.500 euros.

Infraccións leves: ata 750 euros.»

Artigo segundo. *Modificación da alínea h) do artigo 29.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.*

A alínea h) do artigo 29.2 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, queda redactado do seguinte xeito:

«h) Cando se desempeñen cargos electivos retribuídos e de dedicación exclusiva nas entidades locais, cando se desempeñen responsabilidades de órganos superiores e directivos municipais, e cando se desempeñen responsabilidades de membros dos órganos locais para o coñecemento e a resolución das reclamacións económico-administrativas,

excepto os funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, cando desempeñen postos reservados a eles, que se rexerán pola súa normativa específica, quedando na situación de servizo activo».

Artigo terceiro. *Modificación dos artigos 127.1 e 129.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.*

1. O artigo 127.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, queda redactado do seguinte xeito:

«A potestade sancionadora das administracións públicas, recoñecida pola Constitución, exercerase cando fose expresamente recoñecida por unha norma con rango de lei, con aplicación do procedemento previsto para o seu exercicio e de acordo co establecido neste título e, cando se trate de entidades locais, de conformidade co disposto no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.»

2. O artigo 129.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, queda redactado do seguinte xeito:

«Soamente constitúen infraccións administrativas as vulneracións do ordenamento xurídico previstas como tales infraccións por unha lei, sen prexuízo do disposto para a Administración local no título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.»

Disposición transitoria primeira. *Adecuación dos municipios ás previsións do título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

Os plenos dos concellos a que resulte de aplicación o réxime previsto no título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, introducido por esta lei, disporán dun prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor para aprobaren as normas orgánicas necesarias para a adaptación da súa organización ó previsto no dito título. Mentres se aproban tales normas, continuarán en vigor as normas que regulen estas materias no momento de entrada en vigor desta lei.

Igual previsión será de aplicación ós plenos dos cabidos que queden incluídos no ámbito de aplicación da disposición adicional décimo cuarta.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio das entidades públicas empresariais.*

Mentres non se modifique a Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, nas materias previstas no artigo 85 bis, punto segundo, alínea f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, será de aplicación ás entidades públicas empresariais o disposto na citada Lei 39/1988 en referencia ás sociedades mercantís locais o capital das cales pertenza integramente ás entidades locais.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio dos organismos autónomos locais.*

Os plenos dos concellos disporán dun prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei para adecuaren os organismos autónomos e para adaptaren os seus esta-

tutos ó réxime xurídico que se recolle no artigo 85 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos seguintes termos:

a) Adecuación dos actuais organismos autónomos de carácter administrativo ó organismo autónomo local previsto nesta lei.

b) Adecuación dos actuais organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo ó organismo autónomo local ou á entidade pública empresarial previstos nesta lei.

Unha vez efectuada a adaptación e adecuación, as referencias contidas nas disposicións legais e regulamentarias ós organismos autónomos administrativos e ós organismos autónomos comerciais, industriais, financeiros ou análogos, entenderanse referidas ó organismo autónomo local ou á entidade pública empresarial, segundo corresponda.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime do municipio de Barcelona.*

Mentres non se aprobe o seu réxime especial, o título X desta lei non será de aplicación ó municipio de Barcelona.

Disposición transitoria quinta. *Funcionarios de Administración local con habilitación nacional que veñan desempeñando postos de traballo nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X e nos cabidos insulares regulados na disposición adicional décimo cuarta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

Ós funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional que no momento da entrada en vigor desta lei estean desempeñando postos de traballo a eles reservados nos municipios e cabidos insulares incluídos no ámbito de aplicación do título X e na disposición adicional décimo cuarta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aplicaransélle-las seguintes normas:

a) O secretario do concello pasará a desempeñalo posto de secretario xeral do pleno.

b) O interventor do concello pasará a desempeñalo posto de interventor xeral municipal.

c) O tesoureiro do concello pasará a desempeñalo posto de titular do órgano que teña encomendadas as funcións de tesourería.

Os restantes funcionarios de Administración local con habilitación nacional que estivesen desempeñando, se é o caso, outros postos con funcións reservadas no mesmo concello permanecerán nestes, sen prexuízo das adaptacións orgánicas necesarias e de que a provisión dos novos postos reservados a habilitados nacionais poida ser efectuado pola corporación mediante o nomeamento destes ou doutros funcionarios con habilitación nacional, conforme o establecido na disposición adicional oitava da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles coas disposicións desta lei, excepto a disposición adicional sexta, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e sen prexuízo do disposto na disposición transitoria cuarta.

n
Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

Os preceptos contidos nesta lei, salvo a disposición adicional novena da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, constitúen lexislación básica do Estado en materia de réxime local, de acordo co establecido no artigo 149.1.18.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei nas materias da competencia estatal.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2004.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23186 LEI 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria. («BOE» 302, do 18-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei xeral tributaria é o eixe central do ordenamento tributario onde se recollen os seus principios esenciais e se regulan as relacións entre a Administración tributaria e os contribuíntes.

Desde a súa aprobación, a Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, foi obxecto de diversas modificacións que tentaron adaptar esta disposición legal ós cambios experimentados na evolución do sistema tributario.

A primeira reforma importante da Lei xeral tributaria realizouse en 1985 malia a modificación substancial que experimentou neses anos o sistema fiscal. A reforma operada pola Lei 10/1985, do 26 de abril, de modificación parcial da Lei xeral tributaria, tivo por obxecto precisamente adecua-lo contido da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, ós cambios experimentados á marxe dela, e recuperar esta o seu carácter sistematizador e integrador das modificacións que afectaban con carácter xeral ó sistema tributario. Desde ese momento, a Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, foi obxecto de numerosas reformas por medio de leis de orzamentos xerais do Estado e algunhas leis substantivas, se ben, desde 1992, a doutrina do Tribunal Constitucional foi contraria á reforma da Lei xeral tributaria por medio de leis de orzamentos xerais do Estado.

En 1995, a necesidade de incorpora-la xurisprudencia constitucional á citada lei e a conveniencia de actualizar en materia de procedementos tributarios, así como outras finalidades como a de impulsar o cumprimento espontáneo das obrigas tributarias, a de recolle-las facultades dos órganos de xestión para efectuar liquidacións provisionais de oficio, a de incorporar novos instrumentos de loita contra a fraude fiscal ou a de revisa-lo réxime de infraccións e sancións, determinou que se abordase unha importante reforma mediante a Lei 25/1995, do 20 de xullo, de modificación parcial da Lei xeral tributaria.

Á marxe das reformas introducidas desde esa data en preceptos concretos da Lei xeral tributaria, aprobouse en 1998 unha disposición legal esencial para a regulación das relacións entre os contribuíntes e a Administración que afectou materias intimamente relacionadas co contido propio da Lei xeral tributaria. A Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, tivo por obxecto reforza-los dereitos substantivos dos contribuíntes e mellora-las súas garantías no seo dos distintos procedementos tributarios, reforzando as correlativas obrigas da Administración tributaria. Como se sinalaba na súa exposición de motivos, a Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes, formulou desde a súa aprobación a necesidade da súa integración na Lei xeral tributaria, onde os seus preceptos debían encontra-lo seu natural acomodo.

Malia as modificacións efectuadas ata a data na Lei xeral tributaria, pódese afirmar que a súa adaptación ó actual sistema tributario e ó conxunto do ordenamento español desenvolvido a partir da Constitución española do 27 de decembro de 1978 resultaba insuficiente. Desde a promulgación da Constitución estaba pendente unha revisión en profundidade da citada lei para adecuala ós principios constitucionais, e eliminar definitivamente algunhas referencias preconstitucionais sen encaixe no noso ordenamento actual.

Por outro lado, malia os esforzos revisores do lexislador, o sistema tributario evolucionou nos últimos anos no seo dos distintos impostos sen o correlativo desenvolvemento dos preceptos da Lei xeral tributaria e, ademais, promulgáronse outras disposicións no noso ordenamento, como a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que modernizaron os procedementos administrativos e as relacións entre os cidadáns e a Administración, sen o correspondente reflexo na Lei xeral tributaria. Neste sentido, a nova lei supón unha importante aproximación ás normas xerais do dereito administrativo, co conseguinte incremento da seguridade xurídica na regulación dos procedementos tributarios.

En definitiva, o carácter preconstitucional da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, a necesidade de regula-los procedementos de xestión tributaria actualmente utilizados, a excesiva dispersión da normativa tributaria, a conveniencia de adecua-lo funcionamento da Administración ás novas tecnoloxías e a necesidade de reduci-la conflictividade en materia tributaria aconsellaban abordar definitivamente a promulgación dunha nova Lei xeral tributaria.

Neste contexto, a Resolución da Secretaría de Estado de Facenda do 15 de xuño de 2000 destacou a necesidade dunha revisión en profundidade da lei e procedeu á constitución dunha comisión para o estudo e proposta de medidas para a reforma da Lei xeral tributaria que, integrada por destacados expertos en dereito financeiro e tributario, deu lugar, con carácter previo á redacción do proxecto da nova Lei xeral tributaria, a un informe sobre as liñas mestras da reforma e o modo en que se debían concretar nun futuro texto legal.